

6.4. PROCEDIMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Estimamos que os instrumentos para valorar as distintas capacidades dos alumnos son os seguintes:

- *Expresión e comprensión*: dúas probas controis ou probas de diagnóstico e unha global por trimestre.
- *Hábito de traballo*: seguimento e valoración das actividades que se realizan na casa e en clase cunha comprobación diaria. Sistema de positivos e negativos.

Isto, verase avaliado cos seguintes instrumentos:

ÁREA / MATERIA	PESO	INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN
INGLÉS	70%	Todo tipo de probas que inclúan vocabulario, gramática. Probas sobre comprensión lectora en base aos textos de lectura graduadas que se traballen na clase. En xuño farase unha proba global escrita sobre todos os contidos do curso.
	10%	Participación individual durante a clase aportando orixinalidade e iniciativa persoal sabendo respectar a intervención do resto do grupo.
	10%	Caderno e libro de actividades. Inclúe a presentación e realización regular das actividades. A adecuada anotación del vocabulario novo e dos apuntes gramaticais, o correcto seguimento das pautas pedidas por o profesor na realización das actividades do libro do alumno.
	10 %	Ao remate do curso , non se considerará apto ningún alumno que mostrase abandono da materia nunha ou máis avaliacións, é dicir, non traer material nin deberes, non atender nin seguir a clase, entrega de exames en branco, actitude pasiva ou negativa. A proba de setembro será escrita e as preguntas versaran sobre vocabulario, gramática, comunicación, comprensión lectora e expresión escrita. Valorarase de forma conxunta a proba.

6.5. Motivos para a perda do dereito da avaliación continua:

Os alumnos de ESO poderán perder o dereito á avaliación continua se faltan a clase inxustificadamente (ao longo do curso). De darse este suposto, o alumno absentista terá dereito a un exame final, que realizará o departamento por cursos. O número máximo de faltas que un alumno poderá ter, segundo o curso, é o seguinte (se chega a este límite perderá o dereito á avaliación continua):

- 1º, 3º e 4º cursos: 20 faltas.
- 2º curso: 25 faltas.

6.6. Programas de recuperación:

6.6.1. Materia durante o curso:

O sistema de avaliación é continuo. As características da área fai que os contidos novos se apoiem necesariamente sobre os contidos previos. Calquera aprendizaxe nova nun idioma ciméntase no aprendido anteriormente.

A secuencia dos contidos está suxeita na progresión. Se o alumno non asenta os coñecementos da 1ª avaliación, dificilmente poderá progresar satisfactoriamente na 2ª avaliación, e así sucesivamente. Polo tanto o sistema de avaliación será continuo. O alumno que non consiga aprobar a 1ª avaliación, terá toda a 2ª avaliación para conseguir recuperar eses coñecementos a través das actividades de reforzo e repaso. Os exames da 2ª avaliación irán avaliando á súa vez os contidos da 1ª, e así sucesivamente. O alumno que aprobe a 2ª avaliación, aproba a 1ª cunha nota máxima de 5. Se o alumno aproba esta recuperación, aproba as dúas avaliacións. O alumno que suspenda a 3ª avaliación irá directamente a unha recuperación final en xuño.

Os alumnos que non conseguiran aprobar deste modo, terán a posibilidade de presentarse a un exame de recuperación de toda a materia en xuño e outra en setembro.

Aos alumnos que teñan que acudir á convocatoria extraordinaria de setembro suxeriráselles o libro de vacacións da editorial coa que se estea a traballar. A realización do libro non influirá na cualificación. O exame abranguerá todos os contidos.

6.6.2 Materias pendentes doutros cursos

- Dado que a avaliación da materia é continua, se un alumno suspende unha avaliación poderá recuperala aprobando a avaliación seguinte.
- No caso dos alumnos que, pasando de curso, teñan suspendida a materia do curso anterior, esta poderán aprobala dende que aproben unha avaliación.
- **Áreas de continuidade:** no caso das materias de continuidade (E.S.O.) os criterios de avaliación e cualificación son os que se recollen nos apartados correspondentes desta programación. Como se argumentou máis arriba, se suspende unha materia e non a supera na proba extraordinaria de xuño, poderá superala se, ao pasar de curso, aproba unha avaliación da materia do curso seguinte.

6.6.3 As probas extraordinarias

As probas extraordinarias da ESO consistirán na realización dunha proba obxectiva (para todos os cursos) que partirá dos contidos mínimos, previstos nesta programación, para cada curso. Os devanditos contidos exporanse, coa suficiente antelación, nos taboleiros de anuncios do Centro